



Boletín 2

PontevedRAID 2011

Raid de Aventura en Pontevedra: 17 Setembro 2011
(7ª Proba puntuable para a VII Liga Galega de Raids de Aventura).





PontevedRAID 2011



ORGANIZAN:



Colaboran:



Tamén colaboran:






3.- *Chegada ó lugar de concentración.*

- 130 km dende A Coruña (1h25´).
- 115 km dende Ourense (1h15´)
- 60 km dende Santiago (50´)
- 30 km dende Vigo (40´)

Dende a autopista **AP-9** sairemos na **saída 129 (Pontevedra Norte)** saímos en dirección Sanxenxo uns 100m para dar a volta á glorieta dos bombeiros de Pontevedra desviándonos na saída cara Pontevedra (polo Burgo), ó chegar á estación de servizo seguimos de fronte pasando polo Pavillón Municipal dos Deportes, na seguinte rotonda collemos cara a Santiago (esquerda) e a 100 m coller na rotonda a 2ª saída cara ó campus universitario. Estamos na rúa Celso Emilio Ferreiro, a 150 m collemos o 1º desvío á dereita ata o parking, e a nosa dereita está o pavillón do IES Xunqueira I (gps: N42.438075 O8.637528), lugar da recepción e do chan duro.





4.- PROGRAMACIÓN DA PROBA.

PROGRAMA	
Martes 13 Setembro	
ás 23:00 h	Peche da inscrición
Mércores 14 Setembro	
Publicación dos EQUIPOS inscritos	
Xoves 15 Setembro	
	Presentación do II PontevedRAID en rolda de prensa
Venres 16 Setembro	
21:00 a 00:00 h	Recepción dos equipos no chan duro no IES Xunqueira I. Entrega de documentación
Sábado 17 Setembro	
8:30 a 9:30 h	Recepción e entrega documentación no centro neurálxico da proba: PRAZA de ESPAÑA. Organización dos boxes
9:30 a 10:00 h	Xuntanza técnica con importantes aclaracións
10:30 h	SAÍDA do II PontevedRAID
19:00 h	Hora de Peche e META do II PontevedRAID
20:30 h	Entrega de Trofeos, premios e pincho de confraternidade





5.- RAID DE ESTRATEXIA:

O Raid terá uns 84 km repartidos en 5 seccións de diferente duración e diferentes disciplinas deportivas: Orientación, carreira, BTT, Kaiak, ademais de probas especiais de tiro con arco e sprint Ori.

A zoa de **TRANSICIÓN** será **ÚNICA** (non será obrigado asistencia)

O tempo máximo para rematalo será de **8:30 horas**.

A destacar que se trata dun **Raid de estratexia**. Co gallo de potenciar o lado aventureiro dos Raids, deseñamos dándolle mais importancia á estratexia dos equipos ademais da esixencia física xa implícita. Isto ven significar que os equipos que compitan deberán tomar decisións en canto ás balizas que teñen que rexeitar tendo en conta as puntuacións que estas posúan para cumprir os tempos de corte xa que o Raid enteiro será moi difícil de completar

O raid disputarase en modalidade **SCORING** a excepción das seccións, ou subseccións, onde se indique o contrario no libro de ruta.

6.- NORMAS:

As normas que rexerán PontevedRAID son as recollidas na normativa de Raids de AGaCO (www.agaco.es)

7.- SISTEMA SPORTIDENT.

Utilizaremos o sistema sportident para o control de paso por baliza polo que cada PARTICIPANTE terá que levar unha pinza electrónica S.I., caso de non ter poderase alugar na recepción (3 € de aluguer), indicando na inscrición si precisa ou non alugar pinza S.I.



8.- SECCIÓNS, DISCIPLINAS e VALOR BALIZAS

SECCIÓNS	Nº PC's	PUNTOS	Quilómetros	Desnivel + acumulado	Mellor tempo
1- Carreira	5	5	1,6	10	15'
2- Bici Todo Terreo	10	29	30	760	2 h 30'
Descarga de tarxetas Sport Ident					
Hora de APERTURA á 12:00 horas					
3- BTT+ Carreira+ Kaiak	9 + 9 + 3	11 + 13 + 10	19 + 6 + 7	385 + 200 + 0	1h 20' + 40' + 1 h
Descarga de tarxetas Sport Ident					
Hora de CORTE ás 17:00 horas					
4- Btt&carreira + Prob.espec. Sprint ORI + Prob.espec. Tiro con Arco	9 + 10	11 + 6 + 5	16,4	270	1h 40' + 15' + 5'
Hora de APERTURA ás 18:00 horas					
5- Carreira Urbana	10	10	4	30	30'
Hora de PECHE de META ás 19:00 horas					
Descarga de tarxetas Sport Ident					
TOTALS	65 PC's	100 ptos	84 qm	1.655 m	8h 15'

- **Saída: EN MASA**
- **Sport Ident:** Tódolos compoñentes do equipo teñen a obriga de pasar por tódolos PC's que visiten (haberá controis físicos nalgúñas balizas, non permitindo picar o equipo que non se presente completo a dito control). É responsabilidade do equipo **limpar e comprobar** a pinza electrónica antes da saída e tras cada descarga de datos. DESCARGARANSE as pinzas só nas transicións indicadas.



- **Sección 1- Carreira.** Mapa escala 1:5.000 sen balizas físicas, con formulario de 3 repostas por pregunta (as mal contestadas descontaran o valor do PC).
- **Sección 2- Bici Todo Terreo (Btt).** Mapa 1:25.000, ollo ás zonas de paso obrigado, e as estradas prohibidas.
- **Sección 3- Btt + Carreira + Kaiak.** Ollo ás zonas de paso obrigado, e as estradas prohibidas, no percorrido de Btt haberá un cruce de estrada (por perigoso) neutralizado con estacións S.I. e con persoal de organización (PC 317), isto significa que os equipos unha vez piquen a neutralización, parará o seu tempo de carreira, deberán baixar da bici e cruzar a pé a estrada polo paso de peóns sinalado, da outra beira haberá outra estación S.I. que unha vez piquen activará outra vez o cronómetro e poderemos subir a bici para retomar a competición. Tanto a Btt como o Kaiak terán mapa escala 1:25.000. A carreira será en mapa de curvas a nivel de escala 1:10.000, onde dispoñemos de balizas pantasma (ocultas no mapa), entregando os datos de GRADOS AZIMUT e DISTANCIA REDUCIDA dende outro PC sinalado no mapa para ubicalas (aconsellable compas con limbo graduado e móbil).
- **Sección 4- Btt&carreira + Prob.espec.Tiro con arco + Prob.espec.Sprint ORI.** Mapa 1:25.000, en Elite 1 bici e 2 corredores, en Aventura 1 bici e 1 corredor (permitido intercambiarse). Orientación específica sobre mapa de orientación 1:3.000 con control de tarxeta clásica. Tiro con arco por orde de chegada (poderá facerse antes ou despois do Sprint ORI **¡Non haberá neutralización!**, diana a 20 m con 3 disparos por equipo e valor en balizas segundo puntuación obtida (indicada en libro de ruta).
- **Sección 5- Carreira urbana.** Mapa 1:5.000, esta última sección de carreira terá hora de APERTURA DE ENTRADA as 18:00 h (ningún equipo poderá entrar en dita sección antes desta hora).



PontevedRAID 2011



- **A HORA de PECHE DE CARREIRA SERÁN ás 19:00 h (improrrogable ante calquera circunstancia). Os EQUIPOS que sobrepasen 1 segundo ou máis dita hora, PERDERAN A PUNTUACIÓN DAS BALIZAS NON DESCARGADAS.**

¡HÁBERÁ ZONA DE TRANSICIÓN ÚNICA polo que NON SE PRECISARÁ ASISTENCIA!

9.- MATERIAL OBRIGADO

Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira

- 1 Asubío e coñecer o código morse de SOS (...---...)
- 1 Manta térmica por **compoñente (sg)**
- Teléfono móbil co nº PIN (caso de telo) pegado por fora, que non poderá ser utilizado máis que en caso de emerxencia, o seu uso suporá a desclasificación da proba.
- Botiquín con venda, esparadrapo, antiséptico.
- Recipiente de 1 litro de bebida por **compoñente**.

Material Obrigatorio por disciplina

- **BTT.-** Casco (sg) homologado por **compoñente** e kit de reparacións (tronchacadeas, chaves allen e cámara de repostos).
- **Kaiak.-** Provisto pola organización, chaleco salvavidas (sg), pala e kaiak.
- **Carreira a pé.-** (Non se especifica).



PontevedRAID 2011



10.- INFORMACIÓN e INSCRIPCIÓN.

www.verdeazul.es

Entrar na web anterior, descargar formulario de inscricións e seguir instrucións.

CUSTO da INSCRIPCIÓN: 54 € por equipo participante.

Os participantes que non posúan a licenza de Raid expedida pola FEDO, terán que solicitar a **licenza dun día: custo 3 €.**

Os participantes que teñan pinza Sport Ident deberán reflexar o seu número no formulario de inscrición. Caso de non indicalo no intre da inscrición se lle asignara por defecto unha de **aluguer: cobrando o custo de 3 €**, e non admitindo modificacións posteriores.

Unha vez cuberto o formulario de inscrición, e feito o ingreso da cota correspondente, incluíndo cota do equipo+licenzas de día+aluguer de pinzas S.I., enviar e-mail cos arquivos axuntos a pontevedraid@hotmail.es. Indicar tamén si utilizaredes o chan duro.

Prazas ata 60 equipos, a partir de aquí abrisare listaxe de espera.

PECHE INSCRIPCIÓNS o martes día 13 de Setembro ás 23:00 h.

Máis Información do Raid:

- <http://www.agaco.es> (enlace)
- Blog: <https://pontevedraid.wordpress.com/> (enlace e fotos)
- <http://www.montañeiros.es/> (enlace)

Ofrecerase chan duro no Pavillón do IES Xunqueira I en Pontevedra. Rúa Celso Emilio Ferreiro (en fronte do Pavillón multiusos- rocódromo de A Xunqueira). Indicar no e-mail de inscrición si usades o chan duro.

Duchas:

Entrega de Trofeos, premios e pincho confraternidade: na PRAZA de ESPAÑA

AGARDÁMOSVOS EN PONTEVEDRA!!!

www.verdeazul.es

Boletín

9

